



## ACORDO DE GOBERNO NO CONCELLO DAS NEVES ENTRE BNG-AA e PSdG-PSOE

LEXISLATURA 2015-2019

Os representantes dos grupos municipais no concello das Neves, Xose Manuel Rodríguez Méndez, Rosana Rodríguez Avalle, Óscar González Álvarez, Sandra Barros Groba, Mónica Velasco Pérez, Manuel Eduardo Mariño Souto, Natividad Durán Pedrosa e Juan Pablo Pregel Pino no nome das organizacións políticas do BNG-Asembleas Abertas e PSdG-PSOE, ao obxecto de constituír un goberno de coalición para a lexislatura 2015-2019, acordan asinar un **ACORDO para formar GOBERNO** que se vai rexer polas cláusulas que a continuación se sinalan:

### **1. Principios xerais polos que se rexerán os membros do Goberno Municipal e dos grupos municipais que o sustentan**

- 1.1. Os membros do Goberno Municipal das Neves rexeranse na súa actividade institucional polo principio de legalidade e transparencia. O ben público e a legalidade prevalecerán sobre calquera outro interese de tipo político, profesional, persoal ou familiar.
- 1.2. En caso de conflito de intereses os membros do Goberno Municipal deben optar por cumprir de forma estrita co principio anterior ou presentar a súa dimisión como membros da Corporación.
- 1.3. O consenso presidirá a xestión de goberno da coalición. En consecuencia, todos os asuntos de importancia política, administrativa ou institucional deberán ser tratados na Xunta de Goberno Local e de ser o caso, antes do

seu trámite oficial a través dos órganos políticos de ambas formacións, nomeadamente os responsables locais das mesmas.

- 1.4. O goberno municipal concíbese como un órgano unitario. O goberno basearase na corresponsabilidade efectiva e leal entre as dúas forzas políticas que constitúen a coalición de goberno

## 2. Principios que presidirán a xestión municipal.

- 2.1. **Proximidade aos cidadáns:** xestionar de acordo coas necesidades demandadas polos distintos colectivos sociais, baixo criterios de solidariedade, creación de benestar e cohesión social.
- 2.2. **Xestión xeral transparente e democrática:** o principio de que todas as persoas son iguais ante a lei cobra especial relevancia no ámbito da vida institucional. A teor deste principio o funcionamento municipal basearase na igualdade de trato e respecto aos cidadáns e na aplicación da legalidade, sen distinción de credo político, proximidade familiar, persoal ou profesional.
- 2.3. **Emprego público:** farase a selección de persoal seguindo o principio de igualdade, mérito e capacidade con tribunais independentes.
- 2.4. **Defensa dos servizos públicos** na súa dobre faceta de garantir a eficiencia e eficacia do seu funcionamento e de primacía da xestión pública fronte ás concesións administrativas de carácter privado.
- 2.5. **Desenvolvemento económico sostible:** a promoción da economía e a creación de emprego no noso concello van ser os piares fundamentais da acción política municipal, un factor indispensable para mellorar a calidade de vida de todos os cidadáns e garantir un futuro digno e mellor para tod@s, especialmente para a mocidade e os sectores máis desfavorecidos.

**2.6. Equilibrio territorial** entre a vila e as parroquias garantindo uns servizos públicos que permitan a igualdade entre todos os veciños e veciñas residentes no noso concello.

**2.7. Defensa do Medio Ambiente:** a recuperación do medio natural e a súa protección como factor de calidade de vida será un obxectivo permanente do goberno municipal.

**2.8. Posta en valor do patrimonio cultural** -histórico, etnográfico, arqueolóxico, documental e arquitectónico- do noso concello.

**2.9. Separación entre a práctica relixiosa e a actividade institucional.** O concello, como institución, non participará nos actos relixiosos de ningunha crenza.

**2.10. Defensa e promoción do idioma e da cultura de Galicia-Galiza.**

O galego será o idioma oficial do concello e a súa promoción formará parte da política xeral do goberno municipal.

**2.11. Área de Fomento.**

Esta área será propicia para eliminar as prácticas caciquís e clientelares instauradas neste Concello dende hai mais de trinta anos. As infraestructuras son consideradas un dereito dos cidadáns e unha obriga do Concello.

**3. Organigrama municipal, áreas de xestión, reparto de responsabilidades no goberno municipal e adicacións.**

■ **Alcaldía**

BNG – Xose Manuel Rodríguez Méndez

■ **Tenencias de Alcaldía** (só poden ser as persoas que se integren na XGL)

1ª Tenencia de Alcaldía: PSOE- Manuel Eduardo Mariño Souto

2ª Tenencia de Alcaldía: BNG - Oscar González Álvarez

- **Xunta de Goberno Local** (segundo o ROF o número de membros da XGL non pode ser superior a un terzo do total da corporación).....3 persoas

- Alcalde
- 1 BNG
- 1 PSOE

- **Delegacións de competencias da Alcaldía na XGL**

Procederáse a delegar todas as competencias que por lei veñen atribuídas á Alcaldía na Xunta de Goberno Local, excepto as indelegables. Deste xeito, delegaranse as seguintes:

- Aprobación planeamento-PXOM
- Control orzamentario
- Oferta Emprego Público (convocatorias e bases)
- Xefatura da Policía Local
- Sancións e expedientes sobre ordenanzas municipais.
- Proxectos de obras e servizos
- Outorgamento de licenzas (agás aquelas que por lei sexan competencia do Pleno)
- Designación de nomeamento de Tenencias de Alcaldía

**Delegacións en Concellerías:** Todos os asuntos serán tratados na XGL, agás aqueles que polo seu carácter de urxencia obriguen a unha actuación executiva por motivos operativos, polo que nestes supostos @s concelleir@s poderán actuar co límite de orzamento da súa área, dando conta á maior brevidade ao Alcalde e sempre á XGL.

- **Áreas de Goberno. Concellerías.**

- Participación cidadá. Emprego. Comercio e Industria. Promoción económica. Cultura. Persoal.-----BNG
- Servizos Sociais. Deportes. Medio ambiente e natural. Patrimonio. -----BNG
- Mocidade. Ensino. Novas Tecnoloxías.-----BNG
- Turismo. Seguridade cidadá. -----BNG
- Fomento (Urbanismo. Vías e Obras. Tráfico. Alumado Público. Saneamento. Augas) Facenda -----PSOE
- Sanidade. Muller.-----PSOE

### ■ Sesións.

- **Plenos.** As sesións plenarias serán cada 2 meses, coincidindo cos meses impares, e celebraranse o primeiro sábado deses meses, agás cando coincidan en festivo ou ponte de festivo que se trasladará ao sábado seguinte. Debido a necesidade da presenza da Secretaria do Concello na sesión plenaria estas celebraranse os sábados pola mañá, en concreto iniciar as sesións ás 10:00 h. (En función da dispoñibilidade horaria da Secretaria e con carácter excepcional poderase celebrar algún pleno en horario de tarde-noite durante a semana estudando a mellor opción posible).

- **Comisión Informativa.** Órgano integrado exclusivamente polos membros da Corporación, nomeadamente estará composta por unha persoa de cada grupo político constituído, que non percibirán retribución nen indemnización algunha por asistencia a esta Comisión Informativa, e se convocará con 15 días de antelación aos plenos.

As súas funcións serán o estudo, informe ou consulta dos asuntos que sexan sometidos a decisión do Pleno.

-**Xunta de Goberno Local.** Reunións semanais, por exemplo, os luns, ás 9:00 h, co obxecto de coordinar as actuacións desa semana e valorar os resultados do período semanal inmediatamente anterior, ademais das competencias que lle son propias á XGL nomeadamente en materia de acordos e execucións.

### Comisións.

a) **Comisión Especial de Contas** (Constitución obrigatoria segundo o disposto nos artigos 127 e seguintes do ROF) Estará conformada por 3 concelleir@s do BNG, 1 do PSOE e 3 do PP.

b) Creación da **Comisión de Augas e Incendios** (que non terá carácter retribuído).

■ **Indemnizacións por asistencias** (que serán percibidos pol@s concelleir@s sen adicación exclusiva)

Plenos: 50 €

Comisións: 40 €

## ■ Asignacións a Grupos Políticos

Fixo: 100 € por partido político / ano

Variable por Concelleir@: 200 € / ano

## ■ Adicacións exclusivas

As adicacións dos concelleiros con cargo ao orzamento municipal están en función das necesidades organizativas do goberno municipal. A estrutura das adicacións e contía de salario bruto anual será a seguinte:

1. Adicación exclusiva para a responsabilidade exercida polo Alcalde e Portavoz do Goberno (BNG): 34.000€ brutos / ano.
2. Adicación exclusiva para a responsabilidade exercida polo 1º Tenente de Alcalde (PSOE): 24.500€ brutos / ano.
3. Adicación exclusiva para a responsabilidade exercida polo 2º Tenente de Alcalde (BNG): 24.500€ brutos / ano.

## ■ Disposicións finais

- a) Acompañase como ANEXO único deste documento as liñas programáticas deste goberno municipal baixo a denominación: **PROGRAMA 2015-2019**
- b) O contido do mesmo, así como do programa de goberno poderán facerse público mediante a súa publicación nos respectivos instrumentos de divulgación social e na páxina web do Concello das Neves no capítulo de goberno municipal.
- c) As persoas relacionadas na cabeceira deste documento asinan o mesmo por duplicado e a un so efecto nas Neves a data 12 de xuño de 2015, recibindo un exemplar orixinal cada formación política.